# MARUXIÑA DO FORNELO

© Manuel Rico Verea

1
Maruxiña do fornelo,
se coceras faime un bolo,
se mo fas faimo de trigo
que de millo non o como.

2
Maruxiña, Maruxiña,
Maruxiña, Maruxeira;
déixame malla-lo pan
Maruxiña na túa eira.

3
Maruxiña, Maruxeira,
xa vai boa que te espero;
cando queiras enfornar
tamén ha de ser se eu quero.

4
Maruxiña ó teu refaixo
bótalle un reberetiño,
non llo botes amarelo,
bótallo encarnadiño.

